

## NOTA DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIASTICA DE SANTIAGO ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

A persoa e a vida de San José teñen na historia da nosa salvación unha importancia que foi recoñecida sempre pola sagrada Liturxia e as leis canónicas ao propoñer a súa festa como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente o pobo cristián secundou esta norma dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

Atendendo a que o 19 de marzo deste ano coincide en domingo, a Conferencia Episcopal Española decidiu trasladar ao luns 20 de marzo, a festividade litúrxica de San José. A pesar de ser laborable este día na Comunidade Autónoma de Galicia, os Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago acordamos manter nas Dioceses respectivas o carácter festivo deste día.

En consecuencia, e para coñecemento dos fieis, dispoñemos:

1. Manter o 20 de marzo, solemnidade de San Xosé, como **festa de precepto, coa obrigación de participar na Santa Misa**, aínda que sexa laboralmente hábil.
2. Aqueles fieis que teñan xornada laboral ordinaria quedan **dispensados do precepto**, aínda que se lles pide e recomenda vivamente a participación na Eucaristía dese día de festa dedicado a San José, Esposo da Virxe.
3. Pedir, igualmente, aos párrocos e reitores de igrexas que **informen os fieis con antelación destas decisións e acomoden no posible os horarios de misas** ás posibilidades e necesidades dos fieis.
4. Seguindo o calendario litúrxico, a Solemnidade de San José celebrárase unicamente ao longo do día 20 de marzo.
5. Por razóns pastorais, a oración e a colecta para o Seminario Diocesano trasládanse á **tarde do sábado, día 18**, e ao **domingo, día 19 de marzo**.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

+ Julián, Arcebispo de Santiago.  
+ Luis, Bispo de Tui-Vigo.  
+ Alfonso, Bispo de Lugo.  
+ José Leonardo, Bispo de Ourense.  
+Luis Ángel cmf, Bispo de Mondoñedo-Ferrol.  
+ Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago.